

Agresión en Pontevedra a un mozo por levar unha camisola coa bandeira nacionalista galega

SERMOS GALIZA :: 07/12/2018

Agredieron en Pontevedra a un joven por llevar una camiseta con la bandera independentista galega

Un mozo que transitaba por unha rúa de **Pontevedra** levando unha **camisola coa bandeira galega** coa estrela vermella foi obxecto dunha agresión na noite da pasada quinta feira, segundo denuncia Galiza Nova, organización da que este rapaz, Pablo B., fai parte, e que cualifica os feitos como un **ataque "fascista"**.

Segundo o relato de Galiza Nova, un grupo de rapaces de "entre 20 e 25 anos" achegáronse a Pablo B. ao ver a súa camisola, rodeándoo e propinándolle patadas mentres lle berraban: **"Esto es España"**. Nese momento, indica GN, outro grupo de rapaces e rapazas pasaba pola zona e permitiu que Pablo puidese zafar dos agresores e evitar así que a agresión física fose a máis.

Galiza Nova denuncia os feitos e critica "a impunidade coa que actúan estes grupos, avivados polos medios de comunicación, co seu discurso antiindependentista e propagador do odio ao diferente".

Ataques fascistas en Pontevedra, Morrazo, Tui, Compostela...

Non é a primeira vez que na cidade pontevedresa se suceden diferentes tipos de agresións e ataques por parte da extrema dereita. En 2013 uns descoñecidos atacaran o local social A Revira, enchéndoo de pintadas como *"Fuera separatistas"* ou *"Galicia es España"*. Nesta liña, e 2017 luxaron con mensaxes a favor da unidade de España un [mural adicado a Rosalía de Castro](#).

A finais de 2013, e tamén na área de Pontevedra, [grupos neonazis tentaron crear a filial dunha organización estudantil da extrema dereita](#) española, Respuesta estudiantil. Entre os seus inimigos, inmigrantes, gais e lesbianas, a esquerda e o nacionalismo galego.

O monumento á memoria das persoas represaliadas do Morrazo na Cruz de Maceira apareceu en agosto de 2014 [pintado coa bandeira española e a aguia imperial e a lenda "los perdedores fuera de España"](#). As pintadas foron realizadas o día despois da celebración dun acto de exaltación falanxista na Igrexa vella de Marín. En outubro de 2017 foi [atacado en Volta da Moura, Tui, o monumento](#) que homenaxea as veciñas e veciños asasinados polo franquismo. Esnaquizaron a placa que lembraba as vítimas e botaron pintura verde sobre os nomes das persoas asasinadas.

Mais este tipo de actos non son exclusivos da zona de Pontevedra. A finais do ano pasado un veciño de Santiago de Compostela encontrou escrito [nun lateral do seu coche "Viva España"](#) e o [parabrisas traseiro roto](#) en anacos, do que conservaron un fragmento que

levaba un autocolante coa bandeira da Galiza

<https://galiza.lahaine.org/agresion-en-pontevedra-a-un>